

PREGO DE PRESCRICIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE DOUS VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

OBXECTO

Establecer as prescricións técnicas que han de rexer a adquisición de dous vehículos lixeiros para o servizo de bombeiros do Concello de Santiago de Compostela.

A adquisición comprende o vehículo totalmente preparado para o seu uso específico dentro do Servizo de Extinción de Incendios, e apto para a circulación, todo iso segundo a normativa vixente.

En cada unidade inclúese, por tanto, tanto o vehículo en si como as transformacións, elementos e equipamento fixos que se detallan nos anexos correspondentes.

Os vehículos que se adquiren son:

- **LOTE I:** 1 Vehículo todo terreo (5 prazas mínimo e 7 máximo)
- **LOTE II:** 1 Vehículo urbano tipo furgoneta (5 prazas mínimo e 9 máximo) para desprazamento do persoal e zona de maleteiro ou carga.

Entrega

Os vehículos entregaranse nas dependencias do Servizo de Bombeiros do Concello de Santiago, en orde de circulación e co depósito de combustible e AdBlue cheo.

Os vehículos entregaranse coa documentación completa, así como a dos equipos instalados no mesmo, necesarios para o seu uso e mantemento. Requiriranse cinco exemplares impresos dos manuais montados en cartafol arquivador con anelas e tapa ríxida, así como unha copia da documentación anterior en soporte informático en formato pdf sen protección. A totalidade da documentación estará en castelán ou en galego, sendo por conta do subministrador a tradución dos documentos orixinais que non dispoñan da mesma.

Todos os mandos e controis dos vehículos e o seu equipamento fixo estarán rotulados en castelán ou en galego. As placas dos rótulos estarán realizadas nun material durable e resistente, en cor diferente ao fondo sobre o que se sitúen, para a súa fácil localización e lectura.

PREZO.

LOTE I (vehículo todoterreo) o prezo con IVE e 54.439,11€. A esta cantidade minoraráselle o importe dos vehículos usados que a Administración entregará como parte do pago do prezo do contrato, ascendo o seu importe a 2950,23 €, resultando un orzamento total con IVE incluído e co importe de minoración por entrega dos vehículos usados de **51.488,88 euros**.

LOTE II (vehículo urbano tipo furgoneta) o prezo base e de 38.823€ con un IVE de 8.152,83€ tendo un prezo total con IVE de 46.975,83

Desagrégase nos seguinte cadros:

	PREZO BASE	IVE	PREZO CON IVE	PREZO DOS VEHICULOS PARA ENTREGAR	PREZO TOTAL CON IVE DESCONTANDO O PREZO DOS VEHICULOS PARA ENTREGAR
LOTE IVEHÍCULO TODO TERREO	44.991€	9.448,11€	54.439,11€	2.950,23€	51.488,23€

	PREZO BASE	IVE	PREZO CON IVE
LOTE IIVEHÍCULO URBANO TIPO FURGONETA DE PERSOAL	38.823€	8.152,83€	46.975,83€

VEHÍCULOS QUE A ADMINISTRACIÓN ENTREGARÁ COMO PARTE DO PAGO

A Administración entregará como parte do pago do LOTE I (vehículo todoterreo) os vehículos usados, nun único lote indivisible, que se definen e valoran na seguinte táboa.

Nº VEHÍCULOS	QUILOMETRAXE	MARCA	MODELO	MATRICULA	PREZO (€) USADOS
1	95.347 (aprox.)	LAND ROVER	ANIBAL	9711 - CRT	1122,51€
1	235.065 (aprox.)	NISSAN	PATROL	C -0266 - AU	701,15€
1	40.752 (aprox.)	MITSUBISHI	L 200 (con autobomba)	C - 2290 - BL	1126,57€

O importe total dos vehículos usados vinculados que figuran nesta táboa minorará, por tanto, o orzamento total do LOTE I (do prezo total co IVE incluído). O licitador ofertará polos vehículos usados importes iguais ou superiores aos que figuran nesa táboa e serán os ofertados os que minoren o prezo da oferta.

O adxudicatario retirará estes vehículos usados de conformidade co calendario que elabore o responsable do servizo, tendo, como prazo máximo para a retirada 24 horas a contar desde a data que se entregue os vehículos novos. Os vehículos entregaranse ao adxudicatario sen as emisoras do servizo de bombeiros.

Unha vez retirado o vehículo das instalacións do servizo de Bombeiros, o adxudicatario deberá:

- Retirar a rotulación que forma parte da imaxe corporativa nun prazo máximo de 5 días a contar desde a data de retirada do vehículo, e sempre antes de ser entregados a

terceiros. Mentres tanto, os vehículos deberán atoparse estacionados fóra da vía pública, en lugar pechado, non accesible a persoas que poidan realizar un uso inadecuado dos mesmos ou de forma que poida afectar á imaxe do Corpo de Bombeiros do Concello de Santiago. En tales casos, a Administración resérvase a facultade de esixir, ademais da posible responsabilidade derivada do presente contrato, aquelas outras responsabilidades de carácter xudicial ou penal a que houber lugar.

Todos os gastos derivados do cambio de titularidade ou da baixa definitiva destes vehículos correrán a cargo do contratista. Estes cambios de titularidade ou baixas faranse nun prazo de 1 mes, e deberase entregar á Administración a documentación acreditativa que corresponda unha vez efectuada.

CONDICIÓNS DE SUBMINISTRACIÓN

Todos os vehículos e equipos obxecto desta adxudicación serán novos, de fabricación recente, entendendo por fabricación recente o último modelo posto no mercado do chasis do fabricante, e da calidade requirida neste Prego Técnico.

Prazos

O prazo máximo de execución é de 60 días desde a formalización do contrato.

Seguimento da construción

O adxudicatario designará para os vehículos un interlocutor único coa Administración e có Servizo de Bombeiros.

Previamente, no inicio da contratación, realizarase unha revisión da totalidade da documentación técnica por ambas as partes, puntualizando todos os puntos do presente prego, previo ao encargo dos vehículos.

Formación

Previamente á entrega dos vehículos, realizaranse os cursos de formación para todo o persoal do Servizo de Bombeiros. Se durante os cursos se detectase calquera anomalía no funcionamento ou construción dos vehículos, estas deberán emendarse.

A formación constará de cinco xornadas de Luns a Venres (unha por cada quenda de traballo) estarán formadas por 3 horas para cada un dos vehículos. As xornadas de formación daranse nas dependencias do Servizo de Bombeiros.

A formación darase na mesma ou na seguinte semana de entregar os vehículos.

O custo da formación estará incluído no prezo dos vehículos.

CONTIDO DA FORMACIÓN

Parte común os dous lotes.

Trátase de vehículos lixeiros tipo turismo todoterreo e vehículo urbano furgoneta para desprazamentos do persoal. O contido é o seguinte:

Introdución (descrición xeral da unidade)

- Tipo chasis (características técnicas).

- Prestacións (potencia motor, pesos unidade, características técnicas dos equipos fixos).
- Habitáculo e espazos de carga (prazas dispoñibles, disposición e manexo cadro de mandos, sistema de freado, cortacorrentes, asentos, accesorios)
- Procedemento de revisión semanal especificando tanto os elementos a revisar como a metodoloxía.

Motorización e sistemas do vehículo

- Tipo (combustible, nº cilindros, potencia, localización dos depósitos, etc...)
- Clasificación Euro. Depósito AdBlue.
- Preparación antes do uso. Procedemento de arrinque e parada do motor.
- Posta en marcha e cambio manual. Transmisión.
- Rodaxe. Condución con sistema híbrido.
- Pneumáticos. Control de presións e desgaste.
- Uso e colocación de cadeas de neve.
- Mantemento.

Sinalización prioritaria óptica e acústica

- Características principais.
- Operación dos sistemas.

Operacións básicas de mantemento

- Explicación de traballos básicos de mantemento preventivo (calendario de operacións semanal, mensual, trimestral, anual).

Prevenção de riscos laborais

- Identificación dos riscos derivados do uso do vehículo, os seus equipos fixos e equipamento complementario.
- Medidas de prevención.

CONTIDO DA FORMACIÓN ESPECÍFICA DO VEHÍCULO TODO TERREO

Capacidade todo terreo

- Capacidade todo terreo. Ángulo de entrada, de saída, de rampla, lateral. Máxima pendente superable. Uso de reductora e bloqueo de diferencial.
- Axudas específicas á condución todo terreo. Manexo.
- Uso e colocación de cadeas de neve.

Equipos fixos e equipamento complementario do chasis

- Cabrestante. Polea. Mando a distancia. Principios básicos e funcionamento.
- Equipamento para o cambio de rodas. Procedemento.
- Cambio de lámpadas.
- Gancho para remolque.

PINTURA COMUN OS DOUS LOTES.

Todas as partes metálicas deberán someterse a un proceso de desengraxado, eliminación de óxidos, imprimación, emplastecido e lixado antes do achegue da pintura definitiva, que asegure a máxima calidade do acabado.

Non será admisible a presenza de descolgados, punteados, velados, etc., no aplique final da pintura.

As pinturas deberán aplicarse por un procedemento que permita igualar cores con facilidade na reparación, secado de cabina calorifugada e serán resistentes á intemperie, aceites, gasolinas, deterxentes, etc.

Os baixos ou zonas con risco de corrosión estarán protexidos con pinturas apropiadas, anticorrosivas e antisonoras, con espesor suficiente para evitar corrosión.

Empregaranse as seguintes cores:

Cor negra (RALL 9011 satinado ou similar) en lamias.

Cor vermella vivo (RAL 3000) en cabina e carrozaría exterior.

Color amarelo (RAL 1026) en defensa dianteira e traseira.

Antes de pintar os vehículos pedirase opinión a xefatura do servizo de bombeiros.

ROTULACIÓN COMÚN OS DOUS LOTES

A rotulación do vehículo será entendida como un elemento cunha dobre función:

- Constitúe un elemento de seguridade preventiva que posibilita a fácil identificación do vehículo, tanto se está en tránsito como detido, por parte doutros ocupantes da vía, tanto de día como de noite, así como en condicións de baixa visibilidade por condicións climatolóxicas.
- Permite definir a identificación corporativa e operativa do vehículo.

Antes de rotular os vehículos pedirase opinión a xefatura do servizo de bombeiros.

Rotulación de mandos e controis

Os rótulos de marca ou de fabricante non poderán interferir ou dificultar a localización dos elementos que compoñen a imaxe corporativa do Servizo.

Salvo os rótulos ou nome da marca que poderán ir en idioma orixinal, todos os rótulos indicadores de manobras, situación, manexo e mantemento deberán estar rotulados en español ou galego, tales como os do posto de conducción.

A alta visibilidade e a imaxe corporativa constan dos seguintes elementos para os dous vehículos:

- Lenda invertida "BOMBEIROS"
- Pictograma con auricular de teléfono e numeración 112
- Referente institucional de Bombeiros. (Escudo do Corpo)
- Referente logotipo da cidade de Santiago.
- Bandas reflectoras, de contorno, laterais formando un patrón Battenburg en cor amarela flúor.
- Bandas reflectoras, na parte traseira formando un patrón Chevron, en cor amarela flúor e vermello.
- Identificador do vehículo na lúa dianteira.
- Identificador do vehículo na parte superior da carrozaría.

O material será unha lamina retrorreflectante micropismas metalizada flexible clase RA3, 3M de cor amarela limón flúor e na parte traseira incluírá o vermello. Será propio para a súa instalación en vehículos de servizos de emerxencia. Seguirase un patrón igual ou similar que os vehículos Nodriza e Bronto do servizo de bombeiros de Santiago de Compostela.

Serán comúns aos dous vehículos as seguintes especificacións, tendo en conta as características de morfoloxía de cada un:

Lenda "BOMBEIROS" en capó dianteiro.

Tipografía: Gill Sans Bold, altura mínima 12,5 cm. Invertido para a súa correcta lectura a través de espellos retrovisores.

Cor: Amarelo Limón Flúor

Pictograma de teléfono 112 Tipografía: Gill Sans Bold

Cor: Amarelo Limón Flúor.

O tamaño adecuarase ao lugar de colocación

Referente institucional de Bombeiros. (Escudo do Corpo)

O tamaño adecuarase ao lugar de colocación




**BOMBEIROS
Santiago**

Referente institucional da cidade de Santiago.

O tamaño adecuarase ao lugar de colocación

A cor será amarelo limón flúor.



Patrón Chevron ou Bandas en espíña de peixe a 45°

Localización: cubrindo a totalidade do portón traseiro dos vehículos, excepto a zona do vidro.


Cor: Amarelo Limón flúor e vermello.



Patrón Battenburg nos laterais.

Nos laterais dos vehículos porase unha rotulación formada por dúas filas de rectángulos (estilo taboleiro de xadrez) ocupando desde a aleta pegado á defensa até a zona baixa do vehículo, incluídas as aletas traseiras do vehículo.

Cor: Amarelo Limón Flúor



Identificador do vehículo.

Localización: Código de números e letras que identifica o vehículo, ira nos dous laterais dos vehículos. A localización establecerá a xefatura.

Tipografía: Gill Sans Bold.

O tamaño adecuarase ao lugar de colocación

Código de identificación. Instalarase nos dous laterais do vehículo, así como na parte superior, ocupando o máximo posible. (BS-1 / BS-2). Cor amarelo limón fluor.

- **Tintado de lúas con lamina homologada ou cristal xa escurecido montado de serie.**

Escureceranse todas as lúas (dos dous vehículos) que este permitido pola normativa actual.

SINALIZACIÓN ACÚSTICA E ÓPTICA COMUN OS DOUS LOTES.

Os seguintes dispositivos serán comúns nos dous vehículos:

Todos os dispositivos electrónicos (ópticos e acústicos) indicados máis abaixo controlaranse dende unha única pantalla. Poderanse controlar as luces de prioridade, con teclas iluminadas indicadoras de selección e indicador de modo funcionamento da sinalización.

Esta pantalla poderase manipular comodamente dende o posto do condutor dos vehículos.

Sirena de alarma de son continuo con temporizador. Non poderán emitir niveis sonoros superiores a 95 dBA, (axustarase á normativa actual) medidos a unha distancia de 3 metros na dirección de máxima emisión.

O sistema acústico electrónico disporá de mecanismo de regulación da intensidade sonora que a reduza a uns niveis comprendidos entre 70 e 90 dB(A), medidos a 3 m. de distancia e na dirección de máxima emisión, para uso durante o período nocturno, cando circulen por zonas habitadas, etc... (sistema día/noite — son ecolóxico). Terá 100W., con tres tons, micrófono e megafonía exterior.

SINALIZACIÓN ÓPTICA

A sinalización óptica descrita a continuación será a que corresponda **segundo a normativa de Tráfico en vigor no momento** da entrega do vehículo. Todos os equipos terán un grao de protección fronte a axentes atmosféricos IPX9K salvo as pontes de luces, e homologados segundo norma R65.

SINALIZACIÓN ÓPTICA COMÚN AOS DOUS LOTES:

Na parte dianteira catro proxectores escintilantes 12 V, tecnoloxía LED (polo menos de 6 LED cada un de 3 W, alto rendemento). Estarán sincronizados entre si de maneira que funcionen alternativamente dun e outro lado, situados na fronte dianteira do vehículo, sobre a calandra, con disposición en ambos os laterais con separación aproximada de 30 cm. Formando una V, integradas sen saínte reseñable.

Catro proxectores escintilantes nas aletas (dúas en cada lateral, dianteiro e traseiro) 12 V., tecnoloxía LED, (polo menos 3 LED de alta intensidade e longa duración, de 2W con dispositivo óptico de concentración de luz), situados en ambos os laterais, un no lateral dianteiro sobre a aleta do paso de rodas, e outro na parte traseira sobre cada aleta de paso de roda, integradas sen saínte reseñable.

Nos laterais catro (dous en cada lado) proxectores escintilantes 12 V, tecnoloxía LED (polo menos de 6 LED cada un de 3 W, alto rendimento). Estarán sincronizados entre si de maneira que funcionen alternativamente dun e outro lado.

Parte traseira catro luces de LEDs no exterior do portón traseiro Os vehículos incorporarán catro luces LED no portón traseiro. Cada luz estará formada por un grupo mínimo de polo menos de 6 LED cada un de 3 W, alto rendimento con reflector parabólico de alta eficiencia incorporado con posibilidade de seleccionar diferentes patróns de intermitencia sincronizados co resto de equipos de sinalización do vehículo.

Dúas luces LEDs no canto interior do portón: O vehículo incorporará no canto dúas luces LED de reducidas dimensións e elevada luminosidade que se iluminarán de forma automática ao abrir o portón traseiro do vehículo se a sinalización prioritaria ou a barra de sinalización traseira se atopasen operativas.

Unha luz LEDs no canto interior de cada porta: O vehículo incorporará no canto de cada porta unha luz LED de reducidas dimensións e elevada luminosidade que se iluminarán de forma automática ao abrir cada porta do vehículo se a sinalización prioritaria ou a barra de sinalización traseira se atopasen operativas.

Dous focos de traballo de iluminación laterais (un en cada lateral no exterior) en LED de luz branca máxima potencia.

Amplificador de sirena de 100w (axustácese á normativa actual) con megafonía para control de luces de ponte e perimetrais en panel traseiro.


Instalación de luces LED tipo tira ou barra, que incremente a visibilidade no interior do vehículo de alta luminosidade. Instalarase dúas na fila dianteira aprox. 40 cm. e dúas o longo da furgoneta con unhas medidas aproximadas de 180 cm.

PONTE DE LUCES PARA O VEHÍCULO URBANO TIPO FURGONETA PARA DESPRAZAMENTO DE PERSOAL.

Un panel de sinalización, 2 niveis, 2 módulos de 22 LED de 3W cada un, 12 – 24 V, con altofalante integrada na ponte (parte dianteira) potencia 100 W, conector de teito de 19 vías, con cableado e kit de ancoraxe fixa a teito. Alto. 115 mm. ancho 494 mm. longo 1350 mm. (as medidas serán aproximadas e axustaranse ás medidas do vehículo) Homologado R65.

Un panel traseiro de sinalización de tráfico e información de incidencias, composto por panel en aspa tipo frechas, oculto eléctrico automático, con aproximadamente 15 focos led de 200 mm. con célula fotoeléctrica para reducir intensidade na noite, equipado con bastidor con motor eléctrico para elevar ou descender, levara interruptor para a súa elevación ou descenso, instalado na zoa do condutor, levando un avisador acústico/luminoso na zona do condutor, avisando do panel despregado. Ademais levara un panel traseiro con mensaxes de texto de incidencias no tráfico, previamente gardados. Proxecto de homologación e ITV. Instalación e posta en marcha de todos os elementos.

Exemplo de ponte con aspa de frecha e panel de mensaxes:



PONTE DE LUCES PARA O VEHÍCULO TODO TERREO

Panel dobre de mensaxes de tráfico abatible con luz perimetral 66 LED azuis en módulos por todo o seu perímetro. 2 módulos dianteiros con LED brancos para iluminación dianteira, 2 módulos dianteiros vermellos, 1 modulo de LED branco lateral dereito, 1 modulo de LED branco lateral esquerdo, 6 módulos ámbar traseiro para barra direccional, conector de teito con cableado, fixación para instalación fixa a teito, amplificador 12V 100w con botoeira ou pantalla dixital para ponte abatible que permita emitir diferentes mensaxes curtas. Altofalante cadrado de 100w.

Proxecto de homologación e ITV. Instalación e posta en marcha de todos os elementos.

PREINSTALACIÓN EMISORA COMUN OS DOUS LOTES

Efectuarase nos vehículos unha preinstalación de emisora. A emisora será facilitada polo servizo de bombeiros ou instalarase algunha das emisoras dos vehículos entregados.

CÁMARA DE MARCHA ATRÁS COMUN OS DOUS LOTES

Instalarase nos vehículos unha cámara de marcha atrás con visión nocturna con monitor de 7" instalado en cabina.

DIVISIÓN DE MALETEIRO CON ZONA DE PASAXEIROS COMUN OS DOUS LOTES

Instalarase unha división tipo reixa para separar a zona de maleteiro e pasaxeiros. Este sistema terá a homologación requirida para a súa instalación. No vehículos levaran un sistema de anclaxe rápido para poder instalar esta división tipo reixa en dous puntos diferentes, segundo se leve a terceira fila ou solo as dúas filas de pasaxeiros

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO VEHÍCULO TODO TERREO (LOTE I)

OBXECTO

A presente memoria define as condicións técnicas e normativas esixibles para definir o vehículo todo terreo, destinado ao Parque de Bombeiros do Concello de Santiago de Compostela.

NORMATIVA

O vehículo será adecuado para a función á que se destina, corresponderá ao último modelo que estea en fabricación e será totalmente novo. O vehículo todo terreo terá todo o seu habitáculo de forma continua dende a zoa do condutor ata a zoa do maleteiro, no será posible modelos tipo pick up.

A súa execución será conforme ás especificacións establecidas nas normas vixentes que lle sexan de aplicación.

En todo caso, o adxudicatario será responsable da aplicación de cantos requisitos estean establecidos nas lexislacións da Unión Europea e estatal.

O vehículo debe de ter como mínimo estas características:

EMISIÓN		
Emisións de CO₂		Máximo 198 gr/km
Normativa de emisións	Euro 6 w	
DIMENSIÓN, PESO, CAPACIDADES		
Tipo de Carrozaría		Todo terreo
Número de portas		5
Lonxitude	Mínimo 4.750 mm	Máximo 4.900 mm
Anchura	Mínimo 1.800 mm	Máximo 1.900 mm
Altura	Mínimo 1.800 mm	Máximo 1.900 mm
Distancia entre eixos	Mínimo 2.700 mm	Máximo 2.800 mm
Vía dianteira	Mínimo	Máximo

	1.550 mm	1.650 mm
Vía traseira	Mínimo 1.550 mm	Máximo 1.650 mm
Peso máximo autorizado	Mínimo 2.200 kg	Máximo 3.000 kg
TIPO DE DEPÓSITO		
Gasóleo	Aproximado 85 l	

VOLUMES DE MALETEIRO		
Volume mínimo con dúas filas de asentos dispoñibles	Mínimo 590 litros	
Volume mínimo con tres filas de asentos dispoñibles	Mínimo 100 litros	
Número de prazas	Mínimo 5	Máximo 7
Distribución de asentos		2+3 (opción a) 2 + 3 + 2 (opción b)
COTAS DE TODO TERREO		
Ángulo máximo de pendente	Mínimo	41 graos
Ángulo de entrada	Mínimo	30 graos
Ángulo de saída	Mínimo	24 graos
Ángulo ventral	Mínimo	21 graos
Altura libre	Mínimo	210 mm
Altura de vadeo	Mínimo	695 mm
MOTOR DE COMBUSTIÓN		
Combustible		Gasóleo
Potencia máxima	Mínimo	177 CV / 130 kW/ 3400 rpm
Número de cilindros		4
Disposición dos cilindros		En liña
TRANSMISIÓN		
Tracción		Total
Caixa de cambios con redutora	Si	
Número de velocidades		6
CHASIS		
Suspensión dianteira		Dobre pinza ou similar
Suspensión traseira		Eixo rixido ou similar
Barra estabilizadora dianteira		Si
Barra estabilizadora traseira		Si
Tipo de freos dianteiros		Disco ventilado
Tipo de freos traseiros		Disco ventilado
Pneumáticos dianteiros		245/70 R17
Pneumáticos traseiros		245/70 R17

Terá un equipamento mínimo de:

Airbag de xeonllo para condutor
Airbag frontal condutor
Airbag frontal pasaxeiro
Airbags laterais dianteiros
Airbags laterais traseiros
Antibloqueo de freos (ABS)
Bloqueo do diferencial central
Dirección asistida variable
Distribución electrónica de freado (EBD)
Alfombrillas
Radio CD
Gancho de remolque e conexión eléctrica homologado
Barras lonxitudinais en negro
Barras de protección laterais
Estribos
Cabrestante con cable de plasma t max 12500 power hew
Protector de maleteiro
Snorkel de entrada de aire en material ABS
Tapicería de cor escura (negro ou gris)
Roda de reposto, chalecos, triángulos, conxunto de ferramentas para quitar a roda.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO VEHÍCULO URBANO TIPO FURGONETA DE PERSOAL (LOTE II).

OBXECTO

A presente memoria define as condicións técnicas e normativas esixibles para definir o vehículo urbano tipo furgoneta de persoal, destinado ao Parque de Bombeiros do Concello de Santiago de Compostela.

NORMATIVA

O vehículo será adecuado para a función á que se destina, corresponderá ao último modelo que estea en fabricación e será totalmente novo.

A súa execución será conforme ás especificacións establecidas nas normas vixentes que lle sexan de aplicación.

En todo caso, o adxudicatario será responsable da aplicación de cantos requisitos estean establecidos nas lexislacións da Unión Europea e estatal.

O vehículo debe de ter como mínimo estas características:

EMISIÓN		
Emisión de CO₂		Máximo 155 gr/km
Normativa de emisión	Euro 6w	
DIMENSIONES, PESO, CAPACIDADES		
Tipo de Carrozaría		
Número de portas	5 portas	(2 portas corredeiras, portón traseiro dunha porta ou 2 partidas)
Lonxitude	Mínimo 4865 mm	Máximo 4965 mm
Anchura	Mínimo 1850 mm	Máximo 1950 mm
Altura	Mínimo 1850 mm	Máximo 1950 mm
Distancia entre eixos	Mínimo 3175 mm	Máximo 3275 mm
Vía dianteira	Mínimo 1550 mm	Máximo 1650 mm
Vía traseira	Mínimo 1550 mm	Máximo 1650 mm
MMA		Máximo 3150 kg
TIPO DE DEPÓSITO		
Gasóleo	Aproximado 69 l	
VOLUMES DE MALETEIRO		
Volume mínimo con dúas filas de asentos dispoñibles	Mínimo 1500 litros	
Volume mínimo con tres filas de asentos dispoñibles	Mínimo 500 litros	
Número de prazas	Mínimo 5 prazas	Máximo 9 prazas
Distribución de asentos		2 + 3 (opción a) 3 + 3 (opción b) 3 + 3 + 3 (opción c) 2 +3 +3 (opción d)
MOTOR DE COMBUSTIÓN		
Combustible		Gasóleo
Potencia máxima	Mínimo 150 CV / 110 kW	
Número de cilindros		4
Disposición dos cilindros		4 En liña
TRANSMISIÓN		
Tracción		Dianteira
Caixa de cambios	Manual	

Número de velocidades		6 velocidades
CHASIS		
Suspensión dianteira		Pseudo Mac Pherson con barra estabilizadora
Suspensión traseira		Independente de brazos oblicuos
Tipo de freos dianteiros		Disco ventilado
Tipo de freos traseiros		Disco ventilado
Pneumáticos dianteiros		215/45R17 (90D)
Pneumáticos traseiros		225/45R17

Terá un equipamento mínimo de:

Airbag lateral, de cabeza e tórax para condutor e pasaxeiro 1ª fila
Lamia bitono con negro ou negro só
Roda de reposto completa
Peche centralizado con mando a distancia
Portas laterais corredeiras acristaladas (2)
Portas posteriores acristaladas con luneta térmica e limpaluneta
Proteccións laterais en cor da carrozaría
Faros dianteiros bi-halóxenos e faros antinéboa
Freos ABS con distribución electrónica da freada EBD
Asistente de freada de emerxencia (BA)
Control de estabilidade do vehículo (VSC)
HAC: Control de arranque en pendente
Luces de freo con tecnoloxía LED
Equipo audio con Bluetooth® e USB
Elevalunas eléctricos dianteiros

Apoiabrazos para condutor

Asentos 1ª fila: asento de pasaxeiro dobre sen apoiabrazos

Axuste de altura en asento do condutor

Soporte lumbar axustable en asento do condutor

Asentos 2ª fila: banqueta abatible 2/3 – 1/3 (facilitar paso á fila posterior) + respaldo abatible + asentos pregables

Asentos segunda fila con respaldo pregable

Climatizador ou aire acondicionado

Alfombrillas de plástico en 1ª e 2ª fila ou chan de goma ou plástico

Gancho de remolque e conexión eléctrica homologado

Roda de reposto, chalecos, triángulos, conxunto de ferramentas para quitar roda.

Santiago de Compostela, 22 de Marzo 2019

XEFATURA DO SERVIZO DE BOMBEIROS


Manuel Sanmartín Chao

